



MÚSICA

**La Vella
Dixieland**
EN NARÓN

MÚSICA

Lontreira
NO TEATRO JOFRE

Nírvia Espert

PRESENTA LA ISLA DEL AIRE EN NARÓN

Pepe Cunha

Hai case tres décadas que Pepe Cunha debulla e recomenda desde a radio e o seu portal Ábrete de Orellas o mellor da música feita en Galicia, labor polo que obtivo premios como o Martín Códax nun par de ocasións. De aniversario co seu programa en Rádio Filisipim, o día 11 organiza no centro cívico de Canido unha gorentosa xornada musical e gastronómica.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Vilarinho Barrio

Aí. Resume o acto do día 11 en Canido e a súa razón.

PC. En principio serán tres concertos: un máis recollido antes dun xantar con prezos populares, e deseguido dous máis. A razón é a de celebrar que chego a 500 edicións desde que regresei ás ondas hai 10 anos. Cómpre poñer en valor o labor de anos e de vez en cando dicir que sigo no rego.

Aí. Por que estas tres bandas, que teñen que che guste?

PC. Quería que estas tres se achegasen a Trasancos dunha vez porque me gustan as súas propostas. Complementáanse, teñen cadanseu selo propio, coidan moito as letras e teño boa química con elas. De feito as tres dixeron que si á primeira, o que me animou moito. Su Garrido Pombo ao vivo ten maxia, Grampoder son herdeiros dos míticos The Homens nun formato guitarra e batería e Berlai acaba de sacar un libro-disco singular e estupendo chamado “Estampas galegas”.

Aí. Desde Radio Kaos e ata hoxe en Rádio Filisipim levas 26 anos

en emisoras independentes. Que veneno che inocoulou a radio?

PC. Somos moitas as persoas que dicimos que a radio é un becho que unha vez entra en ti, non te abandona, sexas ouvinte ou locutora. Si, a radio ten maxia, engancha, e agora aínda máis pois podes escoitar os programas dos que gostas a calquera hora e situación. O da independencia vén por necesidade, compromiso e (risos) porque nunca me chamaron a cousas máis profesionais.

Aí. Desde hai anos levas unha loita de publicitar e apoiar a música do país. Como ves o nivel?

PC. Antes case que nos gustaba todo ou talvez eramos un chisco menos esixentes co que estaba en galego. Agora hai moito nivel musical, as instrumentistas son máis competentes e a oferta ampliouse. Aínda que unha suposta industria galega siga sen existir (salas, medios, produtoras...) xa podemos falar de cousas comerciais de pouco gusto,

un mainstream medianamente digno, de modas, de alternativo, de propostas exquisitas.

Aí. Pola contra, que pensas do traballo dos medios en Galicia, especialmente os públicos?

PC. O dos medios públicos pode que sexa até denunciábel. A CRTVG rise de nós, non cumpre a súa responsabilidade fundacional para coa cultura do país. Só con sintonizar Radio Galega Música nos damos de conta. Desmantelan e externalizan todo o que poden e despois só contratan ou encargan o que se pon de moda. Manteñen o nivel dun público sen formalo ou lle propor algo máis aló do que xa funciona. O dos medios subvencionados é triste: só cumpren o Día das Letras Galegas e formalidades así. Porén, hai excepcións, profesionais ou amadoras militantes que loitamos por visibilizar outras propostas.

Aí. Lembra iniciativas, ademais da radio, para publicitar a música do país e cales botas de menos?

PC. Pois van sempre da man



“HOXE PREDOMINAN FESTIVAIS QUE SON PURO NEGOCIO FRONTE AOS QUE COIDAN A MÚSICA E TEÑEN CRITERIO”

da militancia e o compromiso, co profesorado nos centros do ensino, con asociacións culturais, equipos de normalización lingüística ou concellerías que traballan por mudar a situación. Grazas á de Pontevedra eu comisionei a expo “cantáMOLA en galego”, que levou o premio Mil Primaveras e foi finalista nos Premios Martín Códax. Despois sigo activo na Internet prestando atención ás músicas do país, chámanme para algunha charla ou como xurado en concursos. O que boto de menos é o regreso aos medios públicos programas atractivos

como “Chambo”, “Alalá” ou “Aberto por reformas”.

AÍ. Que opinas da identificación do folk coa música galega?

PC. Pensar só en folk cando falamos de música galega coido que si está superado; ou que polo menos xa se fala de “música en galego”. Gozamos dunha variedade estilística que non tiñamos cando si había esa identificación. O folk, o tradicional, segue aí, vivo, en mestura con instrumentos máis de hoxe e con boa saúde malia non gozar da repercusión de finais dos 90.

AÍ. Como cambiou o mundo musical desde que

comezaches?

PC. Mudou moito. Coa chegada da internet e o case todo gratis calquera fala, recomenda... mais tamén hai unha accesibilidade ao que se publica e mesmo un contacto case directo coas artistas. Polo contrario, o comentario dun *influencer* pinta máis que os medios especializados ou informados. Tamén é negativo que os ingresos case se limiten aos concertos e así predominen os festivais que son puro negocio sobre os que celebran a música nun contexto de coidado e criterio.

AÍ. E dos festivais que hai cales destacarías?

PC. O Sinsal da illa de San Simón, e dous da nosa comarca: o Felicia Pop e o Jazz de Ría. Neles vexo criterio e calidade.



2
NOV

Orquesta Sinfónica de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 15€ (socios 4€)
Clásica



3
NOV

Esas cousas maravillosas
Empatía Teatro
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



4
NOV

Recuperando las emociones
Los Secretos
Auditorio | 20.30h | Desde 33€
Rock&(Fe)rrrol



10
NOV

La gripe del Canario
Producciones Espartanas
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



11
NOV

Lontreira
Jofre | 20.30h | 8€
Rock&(Fe)rrrol



12
NOV

Bailador
Cía Óscar Cobos
Jofre | 19.00h | De balde
Ferrol en Danza



15
NOV

"Don Giovanni", de Mozart
Ópera 2001
Jofre | 20.30h | Desde 15€
Ópera




18
NOV

Todo nunha noite
Manuel Manquiña
Jofre | 20.30h | 9€
Teatro



24
NOV

Real Filharmonía de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 15€ (socios 4€)
Clásica



25
NOV

#quenonosfrunjanlafiesta
David Guapo
Auditorio | 20.00h | Desde 12€
Ciclo Humor



Información detallada
de toda a programación cultural
www.ferrolgal.axenda_cultural

03 venres 20.30 H

ESAS COUSAS MARABILLOSAS

Monólogo

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



ELISARDO DE LA CRUZ ESTREA A VERSIÓN GALEGA DE *ESAS COUSAS MARABILLOSAS*, DE DUNCAN MACMILLAN, BAIXO A DIRECCIÓN DE AVELINO GONZÁLEZ.

A peza do dramaturgo británico, que se representou en centos de ocasións en medio mundo e que na súa versión española tivo 25.000 espectadores, verqueuse ao galego da man de Avelino González e é, probablemente, a peza máis divertida que pode verse sobre a depresión.

Conta a historia dunha nai que intenta suicidarse. O seu fillo, de sete anos, comeza entón a elaborar unha lista sobre as cousas que considera marabillousas na súa vida: os xeados, a montaña rusa, o primeiro baño do verán... Unha comedia vigorosa, profunda e en ocasións desgarradora, hilarante e vitalista á vez que participada polo público. Alegría e tristeza no mesmo acto.

02 xoves 20.30 H

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Música

AUDITORIO (FERROL)

15 €

JOSEP PONS, UN DOS MÁIS RELEVANTES DIRECTORES DA SÚA XERACIÓN— PONSE AO FRONTE DA OSG PARA INTERPRETAR DÚAS SINFONÍAS DE JOHANNES BRAHMS.

A Orquestra Sinfónica de Galicia regresa ao escenario do Auditorio para interpretar a *Sinfonía número 3 en fa maior, op.90*; e a *Sinfonía número 1 en do menor, op. 68*, ambas de Johannes Brahms. Nesta ocasión contan co privilexio de estar baixo as ordes de Josep Pons, un dos máis prestixiosos directores de orquestra do panorama actual. É o director musical do Gran Teatro del Liceu de Barcelona e, en 1999, foi condecorado co Premio Nacional de Música.

03 venres 20.30 H

MIGUEL LAMAS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



O ARTISTA FENÉS PRESENTA O SEU TERCEIRO TRABALLO, *ARDORA*, NO QUE FUSIONA A MÚSICA DE RAÍZ GALEGA CON RITMOS AFRICANOS E BRASILEIROS.

Miguel Lamas –o prestixioso batería que habitualmente acompaña a músicos do talle de Pablo Alborán, Raimundo Amador, Melendi, Dani Martín ou Malú, entre outros– sube ao escenario do Pazo da Cultura para presentar o seu novo proxecto. Baixo o título *Ardora* agóchase unha fusión da música tradicional galega co mellor dos ritmos de afro jazz, brasileiros e africanos.

04 sábado 20.00 H

BÚHO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 9'5 €



**DIEGO LORCA E PAKO MERINO
PENETRAN NO INTERIOR DA
MENTE DUN HOME QUE PERDEU
A MEMORIA.**

Un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos sofre un ictus que lle provoca unha amnesia severa. Os espectadores asistirán a unha busca interior pola súa memoria para recuperar os seus recordos e, en definitiva, a súa identidade. Diego Lorca e Pako Merino forman Titzina Teatro desde hai máis de 20 anos, e teñen por norma facer unicamente unha produción cada catro anos.

04 sábado 20.30 H

LOS SECRETOS

Música

AUDITORIO DE FERROL

DE 37 A 42 €



**LOS SECRETOS, BAIXO O LIDERADO DE ÁLVARO URQUIJO,
PERMANECEN EN ACTIVO TRAS DÉCADAS DE ÉXITOS QUE
COMEZARON CANDO A "NOVA OLA" MADRILEÑA E XIRAN DESDE
2019 CO SEU DISCO "MI PARAISO" E OS SEUS TEMAS DE SEMPRE.**

Máis de 40 anos en activo (desde o grupo orixinario, Tos) compoñendo e cantando temas que o público pide unha e outra vez fan de Los Secretos unha banda "mítica", unha icona do pop español dos 80 que continúa xirando ano tras ano, enchendo salas de concertos e, moitas veces, reunindo aos fans dos primeiros anos cos seus propios netos.

**Tu tienda de música
en FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

10 venres

20.30 H

LA GRIPE DEL CANARIO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



NUN FUTURO SOMBRÍO AS PROHIBICIÓNS POBOAN A SOCIEDADE, REDUCINDO AOS SEUS INDIVIDUOS Á MÍNIMA EXPRESIÓN.

Dramaturxia de nova creación escrita polo actor e autor Iago García. Tres intérpretes e un bailaor ilustrarán este sombrío porvir nun espectáculo que aglutina performance, teatro físico e teatro textual. A peza é unha distopía futurista que segue os pasos de Leopoldo, un matemático que busca traballo como profesor especialista. A imposibilidade do ser nunha sociedade despiadadamente kafkiana vai afastándolle dos seus ideais e reducindo as súas expectativas vitais.

11 sábado

20.00 H

CHICAGO LIFE

Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

20 €

TRIBUTU ESPAÑOL AO MÍTICO MUSICAL DE BROADWAY BAIXO A DIRECCIÓN DE PEDRO POMARES E VELKAN MATEI.

Chicago, anos 20. "The Magic Dwarf" prepárase para recibir a emisión en directo do programa máis famoso da radio do momento. "A Cidade das Estrelas". Unha historia que converte todos os escenarios nun verdadeiro Cabaret-Burlesque.

10 venres

20.30 H

1917

Música

CAFÉ-TEATRO DO PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9' 5€



CREADA EN BARCELONA EN 1980, LA VELLA DIXIELAND É UNHA DAS MELLORES ORQUESTRAS DE JAZZ CLÁSICO DO ESTADO ESPAÑOL.

1917 homenaxea ao ano no que se fixo a primeira gravación da historia do jazz, Tiger Rag, pola Orixinal Dixieland Band, e por tanto ao referente máis antigo que se pode atopar neste tipo de música. Os sete músicos da banda, que dará un concerto acústico, interpretarán un repertorio que inclúe temas da lendarias orquestras de Jelly Roll Morton, Kid Ory, Sidney Bechet ou Louis Armstrong, recreando a súa sonoridade orixinal. Con este proxecto La Vella Dixieland volve ás orixes, o jazz máis tradicional e demostra ser unha formación cun profundo coñecemento do jazz e a súa historia. Para o trompetista Pep Gol, «conseguimos romper o estigma do jazz como unha música minoritaria, para achegala a todo o público facendo o que nos gusta». Cunha extensa traxectoria artística, La Vella Dixieland teñen actuado en todo o mundo: os festivais de jazz de Breda, Eindhoven, Dresden, Hamburgo, Weisbaden, o Riverboat Jazz Festival, o Bohem & Ragtime Festival... e incluso en New Orleans.

12 domingo

18.00 H

COCO: RECUÉRDAME

Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



A COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO MUSICAL REPRESENTA NO PAZO DA CULTURA DE NARÓN O MUSICAL DE COCO, TRIBUTO Á PELÍCULA DIRIXIDA POR LEE UNKRICH.

Miguel soña con ser artista como o seu ídolo, Ernesto de la Cruz; pero a súa familia prohibiu hai moitos anos calquera relación coa música, dende que o seu tataravó abandonara a súa dona para converterse en músico profesional. Co único apoio da súa bisavoa, Mamá Coco, Miguel apúntase nun concurso musical no seu pobo para o que necesita unha guitarra. Decide adentrarse no mausoleo de Ernesto de la Cruz para roubar o antigo instrumento coidadosamente gardado. Pero, en canto toca os primeiros acordes, é transportado ao mundo dos mortos. Partindo do argumento de *Coco*, unha película ambientada na celebración do Día dos Mortos de México, a Compañía Nacional de Teatro Musical pon en escena a bailaríns e músicos que, en rigoroso directo, darán vida a *Recuérdame*, un espectáculo dirixido por Pedro Pomares e visto por máis de 450.000 espectadores.

11 sábado

20.30 H

LONTREIRA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



A BANDA GALEGA PRESENTA APNEA, O SEU PRIMEIRO TRABALLO DISCOGRÁFICO, QUE INTERCALA POEMAS E CANCIÓNS

Arrasaron co seu primeiro tema Corazón de toxo, que foi o xerme deste o seu primeiro disco. Apnea son nove cancións e cinco poemas, escritos e recitados sobre bases electrónicas. A través de cada un dos temas de Apnea, Adri Coyote, Iván Barral e Héctor Rodríguez van narrando singladuras da vida a través das conexións especiais cos espazos naturais simbólicos.

12 domingo

19.00 H

BAILADOR

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

DE BALDE

PEZA DE DANZA CONTEMPORÁNEA, BASEADA NA MÚSICA DE BERROGÜETO E COA MULLER GALEGA COMO PROTAGONISTA.

Nove bailarinas sobre o escenario para honrar o papel das mulleres galegas que foron transmisoras das formas danzadas de Galicia. Dirixidas polo coreógrafo Óscar Cobos, creador do espectáculo, Bailador rompe cos estereotipos da danza popular tradicional galego creando un folclore popular do século XXI.

15 mércores 20.30 H

DON GIOVANNI

Ópera

TEATRO JOFRE (FERROL)

20/15 €



A COMPAÑÍA ÓPERA 2001 PON NAS TÁBOAS ESTA ÓPERA BUFA EN DOUS ACTOS CON MÚSICA DE MOZART E LIBRETO EN ITALIANO DE LORENZO DA PONTE.

Non é só unha das obras mestras de Mozart senón tamén da historia da ópera, especialmente por conseguir un equilibrio perfecto entre traxedia e comedia. Representada con forma de ópera cómica é un relato ambiguo cheo de dor, paixón, ira, vinganza e morte.

Baixo a dirección musical de Martin Mázik e Constantin Rouits, a compañía Ópera 2001 sube ao escenario a oito solistas e un coro nunha nova versión desta obra ambientada na Sevilla do século XVII que narra as últimas 24 horas do libertino don Giovanni.

Versión cantada en italiano con subtítulos en español.

16 xoves 20.30 H

CONSTANTE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €

VERSIÓN DE *EL PRÍNCIPE CONSTANTE*, DE CALDERÓN DE LA BARCA, A TRAVÉS DA VISIÓN DO CHILENO GUILLERMO CALDERÓN E DO URUGUAIO GABRIEL CALDERÓN.

Constante fala sobre a constancia da arte, da fe, do amor, pero tamén da violencia, das guerras e, sobre todo, da constancia de Calderón. A versión dos coñecidos como os "calderones" desenvolven unha obra na que queda pouco dos versos orixinais do escritor madrileño, pero moito da súa pegada.

18 sábado 20.00 H

LA ISLA DEL AIRE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

18 €



NURIA ESPERT, VICKY PEÑA, TERESA VALLICROSA, CLAUDIA BENITO E CANDELA SERRAT FORMAN O ELENCO DESTA OBRA DIRIXIDA POR MARIO GAS, UN RELATO SOBRE O DUELO, A FAMILIA E OS SECRETOS QUE A SEPARAN.

Unha viaxe en barca á Isla del Aire desencadea toda unha serie de verdades e segredos ocultos para as cinco mulleres da mesma familia que se dirixen ao illote menorquino. Lideradas por Mencía, a matriarca, irán abrindo a porta a novas conversacións, discusións e pensamentos; ás súas alegrías e miserias; aos seus desamores... Esas historias van tecendo unha vida común e conformando unha familia.

18 sábado

20.30 H

TODO NUNHA NOITE

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



MONTAXE TEATRAL SOBRE A SOCIEDADE E AS SÚAS CONTRADIÇÕES, ESCRITA E PROTAGONIZADA POR MANUEL MANQUÍÑA, QUE COMPARTE ESCENARIO CON ÁNGELA ANDRADA

Unha sala, dúas persoas que conversan –unha actriz e un director–, Deus, o díaño, moito alcohol e unha proposta. Estes son os ingredientes principais de *Todo nunha noite*, a nova peza de Abismo Caracol. Dirixida polo escritor, actor e guionista pontevedrés Darío Autrán a peza promete unha hora de risas e de emocións, pero tamén de reflexións sobre a sociedade actual.

19 domingo

18.00 H

ÁNDALE! BUEN APETITO!

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50/5,50 €

A COMPAÑÍA TEATRO GHAZAFELHOS ADAPTA A SÚA EXITOSA OBRA *BON APPETIT* Á COCINA MEXICANA PRESENTANDO UNHA HISTORIA NA QUE APARECERÁN PERSONAXES COMO PANCHITO VILLA, FRIDA KAHLO OU OS MARIACHIS.

Felipe, Antonio e Francisco son tres chefs que cociñan unha deliciosa comida mexicana. Dos seus fogones saíran tamales, enchiladas, tacos... e unha boa chea de receitas novas aderezadas co seu inconfundible humor. A través de *Ándale! Buen Appetito!*, Teatro Ghazafelhos achega ao público infantil a historia do país mexicano.

19 domingo

12.30 H

EL VIAJE DE ISABELA

Infantil

TEATRO JOFRE (FERROL)



TEATRO DE TÍTERES E ACTORES, CON MÚSICA EN DIRECTO QUE NARRA UNHA HISTORIA DE AMOR E AVENTURAS INSPIRADA NA NOVELA DE CERVANTES *LA ESPAÑOLA INGLESA*.

A compañía madrileña La Tartana presenta *El viaje de Isabela*, unha peza teatral galardoada co Premio Festival de Teatro Clásico de Almagro en 2022. Conta a historia dunha moza que se enfronta ao duelo entre o amor verdadeiro –representado en Ricaredo– e outro pretendente con sentimentos non tan nobres. Navíos, tormentas, tesouros, unicornios máxicos, un convento, castelos nos que se producen duelos con espadas, reis e palacios, pero tamén envelenamentos e batallas a cabalo son só algúns dos feitos que ocorrerán nesta trepidante peza, unha versión libre de *La española inglesa*, de Miguel de Cervantes.

25 sábado

20.00 H

UNHA INIMIGA DO POBO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



ADAPTACIÓN DA OBRA DE HENRIK IBSEN QUE MÁIS DE CEN ANOS DESPOIS SEGUE A SERVIR PARA DENUNCIAR CERTAS DECISIÓNS POLÍTICAS.

Helena, doutora de prestixio, regresa ao seu pobo natal embarazada e cun novo proxecto en mente: a construción dun balneario que ela mesma deseñou. A contaminación das augas da zona e a súa teimosía para protexer a saúde da poboación fronte aos intereses económicos produce unha dura refrega cos seus veciños. Unha inimiga do pobo conta coa dirección de Tito Asorey.

26 domingo

18.00 H

NIDOS

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50/5,50€

UNHA ÁRBORE CARGADO DE OBXECTOS E MAXIA ENCHE O ESCENARIO NO QUE SE REPRESENTA ESTA OBRA DIRIXIDA Á PRIMEIRA INFANCIA.

Os sons do bosque envolven o ambiente, mentres os paxaros fan os seus niños. Teloncillo Teatro produce esta obra, gañadora do premio Feten ao mellor espectáculo para a primeira infancia e finalista dos Premios Max de Teatro, na que o público vai cantar, escoitar, bailar, xogar e aniñar. Pero tamén coñecerá a moitos personaxes que habitan no bosque, como a cegoña ou o picapau. Espectáculo dirixido a nenos a partir de seis meses.

24 venres

20.30 H

AS CATEDRAIS SILENCIADAS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



XABIER DÍAZ E AS ADUFEIRAS DE SALITRE PRESENTAN EN NARÓN O SEU ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO, PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA CO QUE ESTÁN A COLLEITAR ÉXITO INTERNACIONAL.

As Catedrais silenciadas, o máis recente traballo de Xabier Díaz coas Adufeiras de Salitre, é un exitoso proxecto que ten a súa orixe nun disco recoñecido co premio Martín Códax da música e que quedou en cuarto lugar na selección de mellores discos de música raíz para a revista Mondosonoro. Foi incluído entre os 25 mellores discos de World Music 2020 pola prestixiosa World Music Charts Europe e entre os 30 mellores discos na tempada 2020-2021 para Transglobal World Music Chart. O seu directo é un belísimo berro de alerta ante o progresivo despoboamento do rural e a desaparición da cultura que fundamenta a nosa diferenza no mundo. Xabier Díaz tivo o seu primeiro contacto coa música de raíz en Fene, onde residiu uns anos. Desde aquela e ata o éxito internacional actual formou parte de Nova Galega de Danza e Berrogüetto.

ESTREA 1 DE NOVIEMBRE



ENTREVISTA Á DIRECTORA

Mencionaches nunha entrevista que houbo algúns desafíos ao filmar en Corea versus na cidade de Nova York.

Os bloques fundamentais da cultura cinematográfica son diferentes. Por exemplo, non existe a figura do deseñador de produción. Creo que o meu director de fotografía, Shabier Kirchner, dicía que está máis preto do sistema do Reino Unido, pero tamén hai unha mestura con outros tipos de cultura cinematográfica. En Corea, realmente non obtés permisos para filmar en exteriores. Ás veces simplemente te presentas no lugar cun equipo de filmación completo e comezas a rodar, o que pensei que era moi salvaxe, porque en Nova York, non podes mover unha pedra sen avisar á cidade. **Greta Le falou sobre como foi rexeitada orixinalmente para o papel principal de Nora.**

Cando sucedeu ese evento entre o meu namorado da infancia e o meu esposo, que provoca o comezo deste filme, eu tiña 29 anos. Ao principio, pensei que Greta non tiña a idade adecuada. Despois cambiei de opinión, porque persoalmente envellecín e dixen: «Oh, en realidade, iso é realmente interesante, talvez quero representar a alguén que ten 30 anos en lugar de alguén que ten 20» e Greta é unha grande actriz, así que pensei que sería a persoa perfecta.

O filme válese dos tramos tranquilos. Cantas desas pausas foron parte do guión?

Escriboas todas, pero a duración dos silencios é algo musical.

Si, iso ten que ser un equilibrio interesante para tratar de atopar.

Por suposto. E é subxectivo. Non é algo que poidas cronometrar. Tes que sentilo. É unha cousa de sentimento.

Extraído de slashfilm.com

Duplex con...

A. C. FUCO BUXÁN

LUNS 20 ÁS 20:00

ONDE MÁIS DOE

Manane Rodríguez

2023 | ESPAÑA | 65' | GALEGO | +16



Despois de ameazar durante anos á súa ex parella, MM asasina ao seu fillo de 11 anos. Un ano máis tarde, un Xurado Popular condénalo por asasinato e determina que o crime contra o neno non buscaba outra cousa que castigar a nai. **Málaga (Pase Especial) Sesión en colaboración coa asociación Fuco Buxán. Presenta a directora**

BALLET

MAR 7 ÁS 20:15 DIRECTO

DOM 12 ÁS 16:15 REPOSICIÓN

DON QUIXOTE

Carlos Acosta

2023 | REINO UNIDO | 200' | 2 DESCANSOS



Unha marabillosa mostra do virtuosismo dos bailaríns principais do Royal Ballet con con partitura de Ludwig Minkus.

“Don Quixote trae luz, diversión e baile simplemente glorioso ao Covent Garden” Culture Whisper

01 NOVEMBRO

VIDAS PASADAS

Celine Song

2022 | EUA | 106' | INGLÉS



Nora e Hae Sung, dous amigos da infancia cunha forte conexión, sepáranse cando a familia de Nora emigra desde Corea do Sur até Canadá. Dúas décadas máis tarde reencontráranse en Nova York durante unha semana que lles enfrontará ao amor, o destino e ás eleccións que compoñen unha vida.

Berlinal 2023 (candidata Mellor Filme)

“Un debut transcendente destinado a ser un dos mellores filmes de 2023” IndieWire

LA CONTADORA DE PELÍCULAS

Lone Scherfig

2023 | 100' | ESPAÑOL | +12



María Margarita vive nunha vila no deserto de Atacama. O día máis especial é o domingo, cando todos van ao cinema para gozar das historias que os levan a outros mundos. Os pais pronto se decatan de que a nena ten unha habilidade asombrosa para narrar filmes. O extraordinario talento da pequena estenderase por toda a vila, cambiando a sorte da súa familia.

TIFF 2023 | SEMINCI 2023

“Unha fermosa oda ao poder do cinema” The Wrap

10 NOVEMBRO

UN AMOR

Isabel Coixet

2023 | ESPAÑA | 129' | ESPAÑOL | +16



Nat é unha muller duns trinta anos que se mudou a La Escapa, un pequeno núcleo rural. Despois de enfrontarse á hostilidade dos habitantes da vila, Nat acepta unha inquietante proposta do seu veciño.

San Sebastián 2023

(Cuncha de Prata á Mellor Interpretación de Reparto para Hovik Keuchkerian e Premio Feroz Zinemaldia)

“Fantástica adaptación da novela de Sara Mesa cunha formidable Laia Costa”

Cadena SER

Art House Cinema Day

Pase especial

DOM 12 ÁS 17:30

Coloquio en streaming con

ISABEL COIXET

17 NOVEMBRO

QUE NADIE DUERMA

Antonio Méndez Esparza

2023 | ESPAÑA | 122' | ESPAÑOL | +12

Lucía perde o seu emprego e decide traballar como taxista.



Mentres recorre as rúas de Madrid, embárcase nunha vinganza en contra daqueles dos que nunca se debeu fiar.

SEMINCI 2023 (Cándidata a Mellor Filme)

17 NOVEMBRO

O VELLO CARBALLO

Ken Loach

2023 | REINO UNIDO | 110' | INGLÉS | +12



O filme narra o futuro do último pub que queda, The Old Oak, nun pobo do nordés de Inglaterra, onde a xente está a abandonar a terra a medida que se pechan as minas. As casas son baratas e están dispoñibles, polo que é un lugar ideal para os refuxiados sirios.

Cannes 2023 (sección oficial)

“O último e brutal chamamento de Ken Loach á compaixón e a solidariedade” The Guardian

EL SUEÑO DE LA SULTANA

Isabel Herguera

2023 | ESPAÑA | 86' | ESPAÑOL



Inés descobre accidentalmente o libro O soño da sultana onde se describe o País das mulleres, no que as mulleres son todas científicas e teñen o poder, mentres que os homes están encerrados na casa. Inés

embárcase nunha viaxe na procura dese lugar e da súa autora, a activista musulmá Begum Rokeya Hossan.

San Sebastián 2023 (Premio Cinema Vasco)

“Singular e fascinante filme feminista sobre a procura da liberdade e o poder transformador da ficción” Cineuropa

24 NOVIEMBRE

TERESA

Paula Ortiz

2023 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL



Teresa espera paciente a chegada do Inquisidor para ser xulgada: liberdade, cárcere ou fogueira. Adaptación da obra de teatro *La lengua en pedazos* de Juan Mayorga, baseada na figura de Santa Teresa de Jesús. **SEMINCI 2023 (sección oficial)** “Blanca Portillo fai fácil o difícil. Combate dialéctico deliciosamente escrito” Cadena SER

NAPOLEON

Ridley Scott

2023 | EUA | 147' | inglés



Unha ollada persoal ás orixes do líder militar francés e o seu rápido e despiadado ascenso a emperador. A historia móstrase a través do lente da relación adictiva e volátil coa súa esposa Josefina.

Duplex Dúo

XOVES 23 ÁS 20:00

LA NOVIA

Paula Ortiz

2023 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +16



Adaptación de *Bodas de sangre* de Federico García Lorca. Leonardo, o noivo e a noiva foron sempre inseparables. Porén, agora que o noivo e a noiva van casar, a tensión é cada vez meirande. **Goya 2015 (12 candidaturas)** “Exquisita adaptación” Fotogramas

Off Duplex

XOVES 9 ÁS 20:00

RETRATOS FANTASMA

Kleber Mendonça Filho

2023 | BRASIL | 93' | PORTUGUÉS



Unha viaxe multidimensional a través do tempo, o son, a arquitectura e o cinema, ambientado na paisaxe urbana de Recife, examinado a través das grandes salas de cinema que serviron como espazos de convivencia durante o século XX. **Oscar 2023 (candidata brasileira a mellor filme internacional)** “Un carto universal á cultura cinematográfica en perigo de extinción” Variety

PETÍS DUPLEX

ENTRADA GRATUITA. COLABORA A CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL

DOM 5 E 19 ÁS 12:00

A VIAXE DE ERNEST E CÉLESTINE

Jean-Christophe Roger, Julien Chheng

2022 | FRANCIA | 79' | VE | TP



Ernest e Célestine queren traer de novo a música ao país de Charabie. “Unha obra de arte en marcha” La Vanguardia

DOM 12 ÁS 12:00

LEMBRANZAS DE ANTANO

Isao Takahata

1991 | XAPÓN | 118' | VE | +7



Taeko regresa á súa casa de Yamagata, onde foi feliz. “Un milagre de animación” Rolling Stone

DOM 26 ÁS 12:00

E.T. O EXTRATERRESTRE

Steven Spielberg

1982 | EUA | 115' | VE | TP

Un pequeno ser doutro planeta queda abandonado na Terra, pero un neno o esconde na súa casa. “O mellor filme Disney que Disney xamais fixo” Variety



TREN DE SOMBRAS: Márta Mészáros

ENTRADA GRATUITA EN COLABORACIÓN COA CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL



MARTES 7 ÁS 20:00 H ADOPCIÓN

Márta Mészáros

1975 | HUNGRÍA | 88' | HÚNGARO | +12
Kata, viúva, está entrando nos corenta sen fillos. De maneira fortuíta entra na súa vida unha moza escapada dun orfanato que lle pide refuxiarse na súa casa. Inicialmente reticente, Kata acóllea e comeza a encariñarse con ela. A relación entre ambas esperta en Kata a determinación para cambiar o que non lle gusta da súa vida.

Berlinale 1975 (Oso de Ouro)

“Refrescante non só como contrapunto ao puxante conservadorismo en Europa senón no contexto dun audaz cinema feminista” Sight & Sound



MARTES 14 ÁS 20:00 H NOVE MESES

Márta Mészáros

1976 | HUNGRÍA | 90' | HÚNGARO | +12
Juli ten un traballo nunha fábrica de ladrillos, mentres que estuda a distancia. O seu xefe namora dela e comezan unha relación, porén, ela oculta que ten un fillo. Cando o seu amante o descobre, todo salta polos aires. Embarazada do seu segundo fillo, Juli debe decidir que facer.

Cannes 1977 (Gañador FIPRESCI)

“Dobre recoñecemento pola forza da súa análise e pola orixinalidade da súa visión feminista” Film Quarterly



MARTES 21 ÁS 20:00 H DIARIO PARA OS MEUS FILLOS

Márta Mészáros

1984 | HUNGRÍA | 107' | HÚNGARO | +12
Finais dos anos corenta. Juli, orfa, é acollida pola súa tía Magda, unha convencida comunista que dirixe unha prisión. A pesar dos seus esforzos por encarrilar á rebelde adolescente, esta resítese a vivir segundo as regras da súa tía.

Empeza a buscar pistas do seu pai desaparecido, arrestado pola KGB.


Cannes 1984 (Gran Premio Especial do Xurado)

“Ao fiar a súa reconstrución de finais dos corenta con flashbacks, noticiarios reais e ficticios e viaxes ao cinema recordadas con agarimo, a linguaxe filmica de Mészáros vólvese moito máis intrincada” Sight & Sound



Márta Mészáros

Coetánea doutras cineastas como Vera Chytilová ou Agnès Varda, quen adoraba o seu cinema e coa que mantiña amizade, Márta Mészáros conta cunha sólida filmografía dende os anos cincuenta ata o 2017. Foi a primeira muller en gañar o Oso de Ouro da Berlinale en 1975 con Adopción. Co seu persoal virtuosismo estético e un forte compoñente documental, a directora deixa constancia do tempo que lle tocou vivir, desde unha perspectiva crítica coas estruturas machistas e autoritarias do poder.



REPORTAXE

GALEGOS NO GOLFO DE MÉXICO

XOSÉ NEIRA VILAS | EDITORIAL GALAXIA | 328 PÁX.. | **23 €**

CANONIZADA A SÚA “MEMORIAS DUN NENO LABREGO” COMO UN DOS REFERENTES POPULARES DA NOVELA GALEGA, NON SEMPRE SE LEMBRA QUE XOSÉ NEIRA VILAS (GRES, 1928-2015) TEN UNHA OBRA CAPITAL NA LITERATURA XORNALÍSTICA, ESTE “GALEGOS NO GOLFO DE MÉXICO”.

Publicada en 1980 en Edicións do Castro, ve agora unha nova edición na Biblioteca Neiras Vilas de Galaxia coas imaxes orixinais dos protagonistas e un prólogo a cargo do grande xornalista Xosé López. Trátase da recuperación dun traballo reivindicado con entusiasmo por Manuel Rivas e inserido por López no seu prólogo na xinea de grandes reportaxes que remataron en libros contando a realidade con estilo literario. Unha tradición, algúns chámalle novo xornalismo, na que no faltan autores como Capote, Kapuściński, García Márquez ou Rodolfo Walsh, e que nas nosas teñen practicado con fortuna Blanco Amor ou o propio Rivas. Neira Vilas mergúllase na vida de dezaseis galegos que viviron do mar en Cuba e protagonizaron historias de supervivencia e realismo máxico no Caribe, deixando a pegada da emigración galega con honra. Destaca Neira que os une o seu fondo compromiso político esquerdistas e a orixe común de case todos eles: Ares, Redes, Mugarbos, Caamouco, Limodre, Pontedeume, etc. Historia e xornalismo unidos.

ENSAIO

TROYA

STEPHEN FRY | ANAGRAMA | 392 PÁX. | **22,90 €**

Regresa o escritor e actor Stephen Fry cunha revisitación do mundo da Troia homérica. Esta é unha historia que o ten todo: heroísmo, vinganza, amor, ideais, brutalidade, traizón, desesperación, violencia extrema, dor, esperanza... As paixóns que moven aos seres humanos do pasado e do presente. E o mito da guerra de Troia, que nos conta este libro feito con erudición e o humor típico de Fry. Un ensaio divertido e cheo de información, non mera arqueoloxía literaria, senón unha historia de temática mergullada na actualidade. A vixencia dos clásicos.

TEATRO

SÍBARIS

DOMINGO VILLAR | GALAXIA | 170 PÁX. | **15,95 €**

Foi Síbaris unha cidade da Magna Grecia reconhecida polo luxo dos seus habitantes, os sibaritas. É “Síbaris” un delicioso entretemento que nos deixou Domingo Villar en forma de texto teatral xa representado en Narón o mes pasado. O texto, máis extenso que a obra, fala dos sonhos e das aspiracións dunha vida máis plena e feliz. Está protagonizado polo excéntrico escritor Vitor Morel, en parón creativo tras un éxito, que deambula polo seu piso cos seus sombreiros, fala cun manequín e a busca ao seu gato, mentres a súa muller lle insiste en que volva escribir.

DELICIAS SONORAS

**BERLAI ESTAMPAS GALEGAS**

Despois dos seus primeiros traballos, “Desconhecido” e “Cas Berlai”, Xialo Berlai enceta un proxecto que une o visual e o narrativo ao musical con este libro disco, “Estampas galegas”, editado polo selo Através. Cedendo o aspecto visual á mestría de Leandro Lamas, reivindica o legado do Castelao de “Cousas” nos relatos aquí incluídos e, no aspecto musical, segue a xogar coa tradición galega así como o jazz, o rock, o pop indie e a música electrónica para ofrecer un produto único. A maiores da música, as letras ben traballadas, cheas de amor e ironía para retratar o país no que vive e no que conta a experiencia de ser pai; a castelanización do galego, o orgullo de ter un país con dous nomes ou a fantasía de Rosalía guiando o pobo na revolución galega. Dez pezas cheas de enxeño lírico e musical onde Berlai comparte ás veces protagonismo con voces femininas. Aí están “Como Elisa e Marcela”, “Roubárom-nos a heroína”, “Como Sue Ellen” ou “Sei que habito”, coa que remata este artefacto literario, visual e musical cheo de propostas interesantes coas que a música galega sae máis rica.

**NANCY SINATRA KEEP WALKIN: SINGLES, DEMOS & RARITIES 1965-1978**

Se hai un par de anos se editaba o mellor da carreira de Nancy Sinatra no espectacular “Start Walkin’ 1965-1976”, onde se reunían os seus grandes éxitos, neste caso como o título subliña aparecen os sinxelos, rarezas e demos cunha calidade musical e sonora que nos os distingue do anterior compilatorio. Nancy, protexida polo seu pai pero espelida de seu, xogaba ao xogo de artista sexy e o que gardaba era un olfacto espectacular para as melodías pop, xogando en varios estilos do rock ao country pasando pola psicodelia mainstream. Non en van o seu compañeiro musical e compositor de cabeceira era nada menos que o inmenso Lee Hazlewood. Facendo un novo dúo con el interpretan “I Just Can’t Help Believing”, canda pezas do propio Hazlewood, Neil Diamond, bandas sonoras de filmes e temas fleis ao seu estilo como “Love Eyes”, “Tony Rome”, “The last of the secret agents” ou covers de The Move ou Status Quo. Un artefacto que na súa versión vinilo ou cedé vén acompañada dun libreto cheo de información moi interesante dunha artista e un tempo certamente fascinantes.

**DOCUMENTAL: SONIDO MOSCA**

A plataforma televisiva Filmin ofrece un fascinante documental musical referido ao nacemento do rock na cidade da Barcelona nos anos 60. Faino da man do realizador Nando Caballero baixo o título de “Sonido Mosca” e desde unha perspectiva insólita: a dos construtores de amplificadores e aparatos para sonorizar aos grupos de rock. Hai un binomio central: o grupo Los Salvajes e o técnico electrónico Avelino Costa, socio fundador e deseñador da marca Sinmarc. Precisamente o título do documental e nome do son a el asociado vén dun distorsionador de guitarra que Costa construíu para que Los Salvajes tocaran o “Satisfaction” dos Rolling Stones, e que en palabras de máis de un case igualaba ao orixinal. Polo documental desfilan anécdotas musicais e sociolóxicas a oito: Los Cheyenes obrigados a cortar o pelo se querían actuar en TV (non o fixeron) ou a prohibición de que o grupo Los No actuasen o día en que Franco organizaba un referéndum para o que se pedía o si. Numerosas testemuñas e a sensación de que a paixón creativa pode con todo incluso nas épocas máis escuras.

PROGRAMACIÓN
2023



NOVEMBRO

V **03** 20:30 HORAS

MÚSICA FOLK

MIGUEL LAMAS Y ARDORA

CONCERTO DE MIGUEL LAMAS E ARDORA

S **04** 20:00 HORAS

TEATRO

TITZINA TEATRO

BÚHO

V **10** 20:30 HORAS | CAFÉ TEATRO

MÚSICA

CONCERTO 1917 DE LA VELLA DIXIELAND

LA VELLA DIXIELAND

S **11** 20:00 HORAS

TEATRO MUSICAL

CTME

CHICAGO LIFE EL MUSICAL

D **12** 18:00 HORAS

TEATRO MUSICAL

CTME

EL MUSICAL DE COCO: RECUÉRDAME

X **16** 20:30 HORAS

TEATRO CLÁSICO

COMEDIA NACIONAL DE URUGUAI

CONSTANTE

S **18** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO

FOCUS

LA ISLA DEL AIRE

D **19** 18:00 HORAS

TEATRO COMEDIA INFANTIL

GHAZAFELHOS

ÁNDALE! BUEN APETITO!

V **24** 20:30 HORAS

MÚSICA FOLK

AS CATEDRAIS SILENCIADAS

XABIER DÍAZ & AS ADUFEIRAS DE SALITRE

S **25** 20:00 HORAS

TEATRO

TALÍA TEATRO

UNHA INIMIGA DO POBO

D **26** 18:00 HORAS

TEATRO INFANTIL

TELONCILLO TEATRO

NIDOS

NOVEMBRO

02xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

OSG CON JOSEP PONS

03venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ESAS COUSAS MARABILLOSAS

MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón

MIGUEL LAMAS E ARDORA

04sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón

BÚHO

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

LOS SECRETOS



05domingo

INFANTIL: FESTEIA

12.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

OS TÍTERES DE CARAPUCHINA VERMELLA

10venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LA GRIPE DEL CANARIO

11sábado

MÚSICA

13.00 h C. C. Canido. Ferrol

ÁBRETE DE ORELLAS: SU GARRIDO + GRAMPODER + BERLAI

INFANTIL: FESTEIA

18.30 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

A VODA DA PULGA E O PIOLLO

MAXIA

20.00 h Auditorio. Cedeira

MAGO TETO

MUSICAL

20.00 h Pazo da Cultura. Narón

CHICAGO LIFE



MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LONTREIRA

12domingo

INFANTIL: FESTEIA

12.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

TRAPIÑO VIAXEIRO

MUSICAL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón

RECUÉRDAME. EL MUSICAL DE COCO

TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol

O LAGO DOS CISNES

DANZA

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

BAILADOR

15mércores

ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DON GIOVANNI

16xoves

INFANTIL: APEGO

18.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

BRINCADEIRAS DA LINGUA

CONFERENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

HÉCTOR ÁLVAREZ POL: DO CORAZÓN DA MATERIA AO INTERIOR DAS ESTRELAZS

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón

CONSTANTE

18sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón

LA ISLA DEL AIRE

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

TODO NUNHA NOITE

19domingo

INFANTIL: FESTEIA

12.30 h teatro Jofre. Ferrol

A VIAXE DE ISABELA

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón

ÁNDALE!!! BUEN APETITO!!!



TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol

MUNUWA

24venres

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón

XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE

25sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón

UNHA INIMIGA DO POBO

26domingo

TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol

CON PREMEDITACIÓN E ALEVOSIA

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón

NIDOS



Nº 185
ANO XVI

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

i edicionsembora

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACCIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción